

PLATAFORMA P.I.D.E.

PLATAFORMA DE INTERCAMBIO E DOAZÓN ESCOLAR

Queridos pais e nais:

Dende o luns 6 de maio de 2019 activarase a plataforma P.I.D.E.

PIDE é unha plataforma deseñada polo Anpa do Colexio Compañía de María de Santiago co obxectivo de abrir unha canle de comunicación entre pais e nais do Colexio para o intercambio e doazón de material escolar (<https://www.pideciamaria.com/>). Poderá accederse directamente a traves da páxina web do Colexio na ligazón do Anpa. A finalidade deste proxecto é o consumo responsable e a colaboración entre as familias do Colexio.

A plataforma **PIDE** é altruísta, polo que queda totalmente prohibida calquera tipo de transacción económica nas operacións cos artigos ofertados ou demandados. Os usuarios deben de respectar as normas de uso da plataforma, que poderán consultar no seguinte enlace: <https://www.pideciamaria.com/articulo/normas-de-uso>

As familias poderán acceder a anuncios de material escolar clasificados por tipos: demanda, ofrecemento ou intercambio. Será responsabilidade dos propietarios que os artigos ofertados estean en condicións axeitadas. O papel do Anpa é o de establecer a canle de comunicación entre as familias, pero non se fai responsable dos anuncios e do resultado dos intercambio dos artigos.

O Anpa pon a disposición das familias un mail de contacto da plataforma pideciamariacompostela@gmail.com, para calquera dúbida ou suxestión que poida xurdir durante a utilización da mesma.

Existe un manual de usuario da plataforma no seguinte enlace: https://www.pideciamaria.com/sites/default/files/pideciamaria_manualdeusuario.pdf

Os anuncios publicados poden consutarse libremente pero será necesario rexistrarse como usuario da plataforma **PIDE** para contactar co anunciante. Nos períodos vacacionais non se darán altas nin se contestarán correos.

Para rexistrarse haberá que cubrir o formulario que aparece na sección "CREAR USUARIO" e recibir un correo do administrador, no que se indica o usuario e o contrasinal (convén consultar a carpeta spam). Estes datos poderán ser modificados polo usuario e será responsabilidade das familias o seu correcto uso.

Para utilizar a plataforma **PIDE**, os usuarios deben proporcionar durante o proceso de "Alta de Usuario" o número do seu documento de Identidade, que será tratado só para esta finalidade e baixo as condicións definidas na Lei de Protección de Datos Persoais.

Un saúdo

Directiva da ANPA

ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS do Colexio COMPAÑÍA DE MARIA
Rúa Ensinanza, 3 - 15703. Santiago de Compostela